

O CONCELLO DE PONTECESO ORGANIZA UNHAS XORNADAS DE ORIENTACION LABORAL PARA O ALUMNADO DE 4º DA ESO NO INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO.

Os días 13 e 19 de decembro o Concello de Ponteceso, a través do servizo de orientación laboral, realizará unhas xornadas de orientación para o alumnado de 4º da ESO. Os contidos, que serán tratados en dúas sesións prácticas, foron elixidos polos participantes e son os seguintes:

1. Enlaces en internet para buscar traballo.
2. Pasos dunha entrevista de traballo. "Pillerías no CV"
3. ETT's, axencias de colocación e consultoras de selección.
4. Autoemprego
5. SEPE – cursos AFD e escolas obradoiro.
6. Recursos locais en materia de emprego e formación. Cursos municipais
7. Carné xove, bonorail e albergues xuvenís.

Temporalidade: dúas sesións de 50 minutos cada unha

Participantes: 17 rapaces de 14-15 anos

Metodoloxía: a través de exemplos prácticos, técnicas participativas e o uso de medios informáticos e acceso a internet para coñecer as ferramentas amosadas.